



CONCELLO DE  
OLEIROS

## Certificación

---

**M<sup>a</sup> Pilar Cela Álvarez**, secretaria accidental do Concello de **Oleiros** (A Coruña).-

### **C E R T I F I C O:**

Que na sesión ordinaria do Concello Pleno que tivo lugar o día 25 de febreiro de 2021 adoptouse o acordo seguinte:

#### **"Punto 2.- Aprobación definitiva, se procede, do Plan Parcial Sector SUD-6 "Alsina" - Lamastelle**

"Trátase dun Plan Parcial de iniciativa particular presentado pola entidade promotora A FORTALEZA AS MARIÑAS S.L.

Por resolución Nº 2018001382 do 9 de abril de 2018 aprobouse inicialmente o PLAN PARCIAL DO SECTOR SUD-6 "ALSINA-LAMASTELLE" e o ESTUDIO AMBIENTAL ESTRATÉXICO (Documento R.E. Nº 2018002810 do 16.02.2018) con, entre outras, as seguintes condicións:

Obrigación de conservar a urbanización polo propietario e propietarios dos soares en tanto non estean completamente edificados.

Na normativa do Plan Parcial deberá incluírse un parágrafo en previsión de posibles medidas a tomar nas edificacións para non superar os umbrais de ruído recomendado.

No documento de aprobación definitiva están emendadas estas condicións nos artigos 11 e 22 da normativa.

O documento expúxose ao público polo prazo mínimo de 2 meses mediante anuncio que se publicou no DOG Nº 76 do 19 de abril de 2018 e no xornal La Voz de Galicia do 17 de abril de 2018.

José Fernando Arévalo Sabio presentou unha alegación relativa á delimitación do polígono, sobre a parcela Nº 28 con referencia catastral 15059ª27000880000TJ, co obxecto de minorar o estrangulamento que se produce no resto da finca trala segregación da superficie incorporada ao Plan Parcial. Como consecuencia da estimación da alegación axustouse lixeiramente o límite do sector co solo urbano no límite da licenza de parcelación no seu día outorgada.

#### **INFORMES SECTORIAIS EMITIDOS E CUMPRIMENTO DOS MESMOS.**

##### MINISTERIO DE FOMENTO, DIRECCIÓN XERAL DE AVIACIÓN CIVIL:

Emitiu informe favorable con R.E. Nº 2018017032 do 23 de agosto de 2018 xa na fase de avaliación ambiental.

##### DIRECCIÓN XERAL DE CALIDADE AMBIENTAL E CAMBIO CLIMÁTICO:

A) Informe de solos contaminados: Declara a inexistencia de solos declarados como contaminados neste concello e polo tanto no sector.

B) Informe de sustentabilidade ambiental do Plan.

Introdúcense no documento correccións para dar cumprimento ás consideracións do informe de sustentabilidade tal e como se xustifica no anexo 11 do documento.

##### SERVIZO DE PLANIFICACIÓN E PAISAXE, INSTITUTO DE ESTUDIOS DO TERRITORIO:

Informe favorable con R.E. Nº 2018013316 do 4 de xullo de 2018.

##### DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO CULTURAL:

Informe favorable con R.E. Nº 2019011827 do 12 de xullo de 2019

##### AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS:

Informe favorable con R.E. Nº 2019019890 do 21 de novembro de 2019.

##### DEMARCAÇÃO DE CARRETERAS DO ESTADO EN GALICIA:

Informe favorable con R.E. Nº 2020010381 do 11 de agosto de 2020.



CONCELLO DE  
OLEIROS

AUGAS DE GALICIA:

Informe favorable con R.E. Nº 2019008274 do 24 de maio de 2019.

DIRECCIÓN XERAL DE CALIDADE AMBIENTAL E CAMBIO CLIMÁTICO:

Con data 16 de novembro de 2020 e rexistro de entrada Nº 2020015873 recibíuse n el Concello la Resolución pola que se formula a DECLARACIÓN AMBIENTAL ESTRATEXICA DO PLAN PARCIAL DO SECTOR SUD-6 ALSINA-LAMASTELLE.

O arquitecto municipal emitiu informe o 17 de febreiro de 2021 y la Coordinadora de urbanismo el 19 de febreiro de 2021, ambos informes en sentido favorable.

Polo que ao Concello Pleno **PROPONSE:**

**PRIMEIRO.-** Estimar a alegación presentada por José Fernando Arévalo Sabio.

**SEGUNDO.-** Aprobar definitivamente o documento denominado PLAN PARCIAL DO SECTOR SUD-6, ALSINA-LAMASTELLE, ESTUDO AMBIENTAL ESTRATÉXICO E DECLARACION - RESUMO DE ASPECTOS MEDIOAMBIENTAIS (Documento R.E. Nº 2020017950 do 15.12.2020 e Documento R.E. Nº 2021002522 do 15.02.2021, integrado por:

Documento de texto con nº de rexistro 2021002522 de data 15.02.2021, composto de

Memoria composta de 72 páxinas.

ANEXO 1: ficha resumen cadro de características

ANEXO 2: estudio de avaliación da mobilidade

ANEXO 3: mellora de sección viaria camiño As Lavandeiras

ANEXO 4: servidumes aeronáuticas do aeroporto de A Coruña

ANEXO 5: estudio electromagnético

ANEXO 6: estudio de patrimonio cultural

ANEXO 7: estudio de contaminación acústica

ANEXO 8: estudio de tráfico

ANEXO 9: certificacións catastrais eliminadas por LOPD.

ANEXO 10: informes compañías subministradoras

ANEXO 11: informe de participación pública y consultas.

Estudio Ambiental Estratéxico (Es.A.E.) con nº de rexistro 2020017950 de data 15.12.2020.

Documento resumen da integración dos aspectos ambientais na proposta, con nº de rexistro 2020017950 de data 15.12.2020.

Documento de planos de Información (planos PI.01 a PI.12) e de Ordenación (planos PO.01 a PO.15) con nº de rexistro 2020017950 de data 15.12.2020.

DVD do documento completo en formato dixital pdf e editables conforme ós requirimentos das Normas Técnicas de Planeamento Urbanístico de Galicia, con nº de rexistro 2021002522 de data 15.02.2021.

**TERCEIRO.-** Proceder, no prazo dun mes á publicación do acordo no Diario Oficial de Galicia e tamén o DOCUMENTO RESUMO que inclúe os seguintes aspectos:

Integración dos aspectos ambientais no Plan Parcial

Razoamento da alternativa seleccionada en relación coas consideradas.

Medidas adoptadas para o seguimento dos efectos no medio ambiente derivadas do Plan Parcial.

Resumo técnico.



**CONCELLO DE  
OLEIROS**

Publicar no Boletín Oficial da Provincia documento que conteña a normativa (apartado 5.- Ordenanzas reguladoras e apartado 6.- Plan de etapas, páxinas da 31 á 65 ambas as dúas incluídas).

**CUARTO.-** Solicitar a inscrición do Plan Parcial no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia de conformidade co disposto no artigo 88 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia e no capítulo X do título II do seu regulamento, e o que dispoña a tal efecto a lexislación vixente en materia de réxime local (artigo 82.4 de la LSG).

**QUINTO.-** Remitir un exemplar do documento de Plan Parcial aprobado definitivamente xunto coa certificación do acordo plenario de aprobación definitiva á Dirección Xeral de Aviación Civil.

**SEXTO.-** Dilixenciar o documento PLAN PARCIAL DO SECTOR SUD-6, ALSINA-LAMASTELLE, ESTUDO AMBIENTAL ESTRATÉXICO E DECLARACION - RESUMO DE ASPECTOS MEDIOAMBIENTAIS (Documento R.E. Nº 2020017950 do 15.12.2020 e Documento R.E. Nº 2021002522 do 15.02.2021).

**SÉTIMO.-** Arquivar o documento aprobado inicialmente por resolución nº 1382 do 9 de abril de 2018 (Documento R.E. Nº 2018002810 do 16.02.2018) ao quedar substituído polo que se aproba.

**OITAVO.-** Publicar na web municipal o acordo de aprobación definitiva.

**NOVENO.-** Notificar individualmente a todas as persoas titulares catastrais dos terreos afectados.

**DÉCIMO.-** Notificar ao promotor, requiríndolle para que no prazo de dous meses presente os estatutos e bases de actuación.

**UNDÉCIMO.-** O Plan Parcial é unha disposición xeral polo que contra o mesmo poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co artigo 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa no prazo de dous meses, a contar do día seguinte ao da publicación desta disposición.”

E para que conste expido este certificado de conformidade co que dispón o art. 204 do R.D. 2568/1986, de 28 de novembro (ROF), coa advertencia á que a fai referencia o art. 206 do ROF citado e a reserva dos termos que resulten da aprobación da acta da sinalada sesión; Oleiros, asinado dixitalmente polo alcalde e por min, secretaria accidental, na data que figuran nas sinaturas deste documento.